

RESOLUCIÓN

Expediente núm.: 516/2025

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Campañas de Comunicación ou Eventos para o Fomento da Actividade Económica

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Dende o departamento de Turismo indicase que, co obxectivo de promover e potenciar o sector hostaleiro, a restauración, o turismo e a economía local no municipio, convócanse as bases da terceira edición do concurso de tapas “Ortigueira a bocados” os días 9, 10 e 11, de maio de 2025, podendo prorrogarse os días 16, 17 e 18 do mesmo mes, no caso dunha alta participación de establecementos.

Vistas as bases elaboradas polo persoal técnico da concellería de turismo.

Vista a existencia de crédito e o informe de fiscalización da intervención municipal.

No exercicio das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local adóptase a seguinte:

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Aprobar as bases que rexerán o concurso de tapas e que se transcriben no anexo.

Segundo.- Publicar o anuncio do concurso no Boletín Oficial da Provincia e as bases na sede electrónica do Concello de Ortigueira.

RECURSOS/ALEGACIÓNS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de FERROL no prazo de DOUS MESES, a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo



Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Información de interese

Poderá exercer os seus dereitos recoñecidos no artigo 53 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas accedendo á sede electrónica desta entidade <http://ortigueira.sedelectronica.es/carpetaelectronica>

En Ortigueira, na data indicada na marxe
O alcalde

Dilixencia de Secretaría Xeral

Para facer constar que , para os efectos do disposto no artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas; esta resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura.

O secretario xeral

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





Concello de Ortigueira

CONCURSO DE TAPAS 2025

A Concellería de Turismo e patrimonio do Concello de Ortigueira organiza o III Concurso de Tapas “ORTIGUEIRA A BOCADOS 2025” co obxectivo de promover e potenciar o sector hostaleiro, a restauración, o turismo e a economía local no municipio.

BASES DO CONCURSO:

PRIMEIRA,- ÁMBITO E PERÍODO DE PARTICIPACIÓN:

O concurso “Ortigueira a Bocados” desenvolverase os días **9, 10 e 11, de maio de 2025, podendo prorrogarse os días 16, 17 e 18 do mesmo mes, no caso dunha alta participación de establecementos.**

Poden participar de maneira gratuíta todos os establecementos hostaleiros situados no concello de Ortigueira, independentemente da súa cualificación e/ou categoría: taberna, bar, mesón, cafetería, restaurante, etc., que queiran ou desexen destacar a calidade da súa cociña de barra.

Os participantes deberán inscribirse dentro do prazo establecido e aceptar as bases do concurso.

SEGUNDA,- MODO DE PARTICIPACIÓN:

Os establecementos participantes deberán presentar unha tapa, que poderá ser doce ou salgada.

Todas as tapas que concursen deberán ter un nome e unha pequena descrición da mesma.

A tapa presentada no concurso deberá estar anunciada e exposta de forma destacada no establecemento, durante o período do concurso.

O prezo de venda ao público da tapa presentada a concurso será de **3 €**.

As tapas serviranse ao público nas datas que dure o concurso, sempre respectando o seguinte **horario mínimo** e os horarios de apertura de cada negocio.

- Venres e sábado de 13:00 a 15:00 horas e de 20:00 as 21:30 horas.
- Domingo de 13:00 a 15:00 horas.

TERCEIRA,- INSCRICIÓN:

Cada local participante deberá cubrir por escrito a **ficha de inscrición** (anexo) e presentala nos rexistros municipais, ben presencial ou electrónico.

O prazo de inscrición comezará o **luns 31 de marzo de 2025 e a data límite será o mércores 16 de abril de 2025.**

Xunto ca ficha de inscrición, os establecementos participantes achegarán unha **fotografía da tapa** presentada ao concurso.

Para facilitar o envío da fotografía, de non facelo pola sede electrónica municipal, poderán enviala ao correo turismo@concellodeortigueira.com, indicando no asunto “ORTIGUEIRA A BOCADOS 2025” e no corpo do correo electrónico o nome do establecemento e o nome da

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tlfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

tapa.

CUARTA,- DIFUSIÓN E MATERIAL DE PARTICIPACIÓN:

Pechado o prazo de inscrición, o Concello de Ortigueira difundirá e publicará a listaxe dos establecementos participantes mediante carteis publicitarios, folletos, páxina Web do Concello e redes sociais do Concello de Ortigueira e de Turismo Ortigueira.

O Concello distribuirá entre os establecementos unha urna para a votación, papeletas para voto, carteis anunciadores, folletos, etc.

Os establecementos concursantes deberán ter expostos nun lugar visible o material de promoción facilitado polo Concello.

QUINTA,- MODALIDADE DE VOTACIÓN:

Votación popular:

Este galardón decídeo o público co seu voto en urna. Premiarase ao local que teña a tapa máis votada.

SEXTA,- RESOLUCIÓN:

O Concello de Ortigueira, a través do persoal que se designe, será o encargado de facer o recuento dos votos en urna ao finalizar o evento.

O concurso “**Ortigueira a Bocados**” fallarase o venres 23 de maio de 2025.

A resolución do concurso trala votación será inapelable, non podendo quedar deserto.

O nome do establecemento premiado publicárase no taboleiro de anuncios do Concello e difundirase a través das ferramentas de difusión do Concello.

SETIMA,- PREMIOS:

Establécense os seguintes premios:

1. **Premio á tapa máis votada polos clientes:** trofeo.
2. **Premio aos clientes.** Sortearase un vale por valor de **100 €**, a trocar por xantares ou ceas nos establecementos participantes no concurso, entre as persoas que insiran as papeletas de votación debidamente cumprimentadas. As propias papeletas conterán as instrucións precisas para cubrilas correctamente.

OITAVA,- ACEPTACIÓN DAS BASES:

A participación no concurso “**Ortigueira a Bocados**” implica a aceptación destas bases, así como a resolución das mesmas.

NOVENA,- PUBLICIDADE:

O anuncio das bases publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e o contido das mesmas na Sede Electrónica do Concello de Ortigueira.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tlfno. 981400000. Fax: 981402536





Concello de Ortigueira

O Alcalde

ANEXO I

INSCRICION ESTABLECEMENTO HOSTALEIRO PARTICIPANTE CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA "ORTIGUEIRA A BOCADOS"

Nome comercial: _____.

Titular: _____.

CIF: _____.

Enderezo do establecemento: _____.

Teléfono de contacto: _____.

Nome da tapa: _____.

Breve descrición da tapa para a súa difusión publicitaria:

Estou interesado en participar no III Concurso de Tapas "ORTIGUEIRA A BOCADOS 2024" a celebrar os días 9, 10 e 11 de maio de 2025.

En Ortigueira a, ____ de _____ de 2025.

Asinado: _____

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tlfno. 981400000. Fax: 981402536

